IES SALVATERRA DE MIÑO

# PROGRAMACIÓN CURSO 2022-2023

**DEPARTAMENTO ECONOMÍA**
-Begoña Terlera Bao

## ÍNDICE

ECONOMIA. BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS. 1ºCURSO : **PROENS**
ECONOMÍA DA EMPRESA. BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS. 2º CURSO
ECONOMÍA. 4º ESO
IAEE. 4º ESO

PARA CADA UNHA DAS MATERIAS, DESPOIS DAS REFERENCIAS NORMATIVAS:

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS, ESTANDARES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:
   CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. METODOLOXÍA
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS
7. AVALIACIÓN. CRITERIOS E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LECTOR
10. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC
11. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA (Educación en valores)
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

## ECONOMÍA. BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS. 1º CURSO

Confecionada a través da aplicación PROENS

## ECONOMÍA DA EMPRESA. BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS. 2º CURSO

**REFERENCIAS NORMATIVAS.**

-Para a elaboración da presente programación tívose en conta a seguinte lexislación e información da Xefatura territorial de Pontevedra:

-Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE) para a mellora da calidade educativa.

-Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e o Bacharelato en Galicia.-Orden ECD/65/2017 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avalición da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

-Resolución do 15 de xullo do 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que seditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da ComunidadeAutónoma de Galicia.

-Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro.

### 1.INTRODUCCIÓN

Nunha sociedade na que as formas de organización económica revisten modos cada vez máis complexos, cómpre o estudio da economía e a empresa, non só como instrumento para a comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación e fundamentación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a distribución da renda, o paro, o subdesenvolvemento, o deterioro medioambiental ou a función da empresa no mundo contemporáneo.

A materia de Economía e Organización de Empresas céntrase como realidade fundamental na estructura socioeconómica do mundo contemporáneo. O obxectivo da materia Economía e Organización de Empresas é o estudio tanto da dimensión interna da empresa como das súas relacións co entorno externo a ela.

Na parte da análise técnica, imprescindible para coñece-lo funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas, preténdese desenvolver no alumnado actitudes éticas e críticas con respecto ó papel da empresa na sociedade, concedéndolle tanta relevancia á análise puramente económica e instrumental como ós aspectos sociais e de incidencia da empresa no medioambiente.

Para que os alumnos e as alumnas realicen unha aprendizaxe significativa dos contidos seleccionados, é imprescindible levar a cabo traballos prácticos apropiados. Os traballos deben consistir en analiza-la realidade mediante o uso de fontes de información directas e indirectas e en trasladar esta análise ás linguaxes estructuradas propias da materia;

con iso conséguese motiva-lo alumnado, mellora-la súa capacidadede observación, incentiva-la súa creatividade e poñer en práctica os métodos propios das ciencias sociais capacidadede observación, incentiva-la súa creatividade e poñer en práctica os métodos propios das ciencias sociais.

**Contextualización**

Centro en zona rural. Nivel socioeconómico do alumnado medio baixo.
Estudantes procedentes todos eles de 1ºBAC.
Non hai ningún estudante repetidor na materia de economía da empresa.

A materia non precisa de coñecementos previos en economía xa que non é obrigatorio ter cursado economía en 4º ESO nin en 1º BAC.
Polo tanto, non afecta o modo en que se desenvolveu o curso pasado.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**Perfil competencial**

| | |
|---|---|
| **CCL** | **6.99%** |
| **CSC** | **10.49%** |
| **CAA** | **9.79%** |
| **CD** | **19.58%** |
| **CMCCT** | **34.27%** |
| **CSIEE** | **18.88%** |
| | |

No estudo das distintas unidades tratarase de fomentar no alumnado:

- Desenvolvenento da **competencia social e ciudadá (**consumo responsable, sensibilización ante os problemas medio ambientais, valorar a importancia dos emprendedores/as ao analizar o papel dos empresarios/as, perspectiva crítica cara a aspectos inxustos da realidade económica, por de manifesto a insolidaridade e agravio provocados por quen practica a economía sumerxida e o fraude fiscal, ..etc)

- Traballar de maneira activa a **competencia matemática (**uso de modelos económicos e representacións gráficas, exercicios de custos, ingresos, limiar de rendabilidade, cálculos sobre eficiencia técnica e económica, representación gráfica da función de producción, cálculo do IPC, interpretación da información bursátil,.. etc)
- **Aprender a aprender** (os alumnos/as adquiriran as estratexias necesarias que lles permitan desenvolver as súas capacidades persoais)
- **Tratamento da información** e **competencia dixital** (utilización de recursos na rede).

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón, ...

## 3.OBXECTIVOS

*Os obxectivos xerais do bacharelato recollidos no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Artigo 26. *Obxectivos*

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial

ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tec- noloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. CONTIDOS , ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A empresa | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B1.3. Clases de empresas.<br>▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIE |
| | | | ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.5. Contorno da empresa.<br>▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. | ▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das | ▪ CD<br>▪ CSC |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | empresas nas esferas social e ambiental. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.<br>▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | ▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | responsabilidade social e ambiental. | |
| | | | ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>▪ B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos | ▪ CAA |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A función produtiva | | | |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo.<br>▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | avaliación que axudan á toma de decisións. | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa<br>▪ B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. A información na empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>▪ B6.3. Resultados da empresa.<br>▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. | ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio | ▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | ▪ CD |
| | | | ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 7. A función financeira | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. | ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa | ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos | ▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.<br>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>▪ B7.5. Ciclos da empresa.<br>▪ B7.6. Período medio de maduración. | máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |

**ESTANDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN e PONDERACIÓN, CONTIDOS MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION (taboa)**

**BLOQUES DE CONTIDOS**

A materia de Economia da Empresa esta divida en 7 bloques:

Bloque 1: A empresa.
Bloque 2: Desenvolvemento da empresa.
Bloque 3: Organizacion e dirección da empresa.
Boque 4: A función directiva.
Bloque 5: A función comercial da empresa.
Bloque 6: A información na empresa.
Bloque 7: A función financeira.

**TEMPORALIZACIÓN:**

A materia articulase en 15 Unidades Didácticas

| | |
|---|---|
| -UD1.-O papel da empresa na economía<br>-UD2.-Clases e formas de empresa | |

| | |
|---|---|
| -UD3.-Entorno e estratexia da empresa<br>-UD4.- O desenvolemento das empresas<br>-UD14.- Direccion e organización da empresa<br>-UD15.- A dirección de recursos humans | 1º trimestre |
| -UD5.-A función productiva da empresa<br>-UD6.-Productividade, eficiencia e innovación<br>-UD7.-A función comercial da empresa<br>-UD8.-Os instrumentos do marketing mix<br>-UD11.-0 patrimonio e as contas da empresa | 2ºtrimestre |
| -UD12.- Análise financeiro da empresa.<br>-UD13.- Análise ecómico e social da empresa.<br>-UD9.-A financiación da empresa<br>-UD10.- As inversións da empresa. | 3ºtrimestre |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ponderación | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe | % | U.D. | GMC | Competencias clave | Elementos transverais | Instrumentos de avaliación |
| **Bloque 1. A empresa** | | | | | | |
| EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | 15% | 2, | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIE | CA<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | | 2 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | | 2 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | | 1 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CSIEE | CL EOE<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | | 1,2,3 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | CA<br>TIC<br>EC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | | 3,6,13 | 50% | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | TIC<br>CA<br>EC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | | 1,3 | 50% | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | EC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| **Bloque 2. Desenvolvemento da empresa** | | | | | | |
| EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | 10% | 4 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | | 4 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CA<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | | 4 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CL<br>EOE<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | | 4 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | | 4 | 50% | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | EC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | | 4 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | | 3,4,6 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | 10% | 14 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | | 14, 15 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CL<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | | 14, 1 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CA<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | | 14 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | EMP<br>CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | | 14, 15 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | EMP<br>TIC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | | 15 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| **Bloque 4. A función produtiva** | | | | | | |
| EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | 15% | 5,6 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | | 6 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | | 6 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | EMP<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | | 5 | | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | | 5 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | | 5 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | | 5 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | | 6 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | | 6 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | | 6 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| Bloque 5. A función comercial da empresa | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | 15% | 7 | 50% | CSIEE | EMP | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | | 7 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | | 7 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | CA<br>TIC<br>EC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | | 7 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | | 7 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | | 7,8 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | | 7 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | | 7,8 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Proba oral<br>- Taboas de observación |
| **Bloque 6. A información na empresa** | | | | | | |
| ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | 20% | 11 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | | 11 | 50% | CMCCT | TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | 9, 10 | 50% | CAA | EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | 12 | 50% | CMCCT | TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | 12 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | 5,6,10<br>11,12<br>13 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CD | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | 12,13 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | 12 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | EMP<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | 13 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CA<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | 13 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | 13 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | 13 | 50% | CSC | EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| **Bloque 7. A función financeira** | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | 15% | 10 | 50% | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | | 10 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | | 9 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | | 9 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | | 9 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | EMP<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | | 9 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | | 9 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CMCCT | EMP<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | | 9 | 50% | ▪ CD<br>▪ CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | | 9 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | CL<br>EOE<br>TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |
| ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | | 12 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD | TIC<br>EMP<br>CA | -Proba escrita<br>- Taboas de observación |

**LENDA COMPETENCIAS**

**CCL** Comunicación lingüística
**CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
**CD** Competencia dixital
**CAA** Competencia aprender a aprender
**CSC** Competencias sociais e cívicas
**CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
**CCEC** Conciencia e expresións culturais

**LENDA TRANSVERSAIS**

**CL** Comprensión lectora
**EOE** Expresión oral e escrita
**CA** Comunicación audiovisual
**TIC** Tecnoloxías da información e comunicación
**EMP** Emprendemento
**EC** Educación cívica
**PV** Prevención da violencia

**-Todos os estándares de aprendizaxe son considerados imprescindibles para 2º curso de bacharelato no curso 21/22 en caso de que as circunstancias derivadas da COVID-19 impediran o desenvolvemento das clases de forma presencial e continuada.**

**GMC**: Grao mínimo de consecución do estándar de aprendizaxe
-O grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaje será do 50% en cada un deles

## 5.METODOLOXIA

### Metodoloxía xeral e específica da materia

Consideramos que o alumnado non debe ser un mero receptor de contidos, senón que se debe preparar para ser capaz de analizar, organizar e aplica-los elementos de capacidade que solucionen os casos prácticos.

Partindo da información que se ten sobre os coñecementos dxs alumnxs, se presentarán actividades que susciten interese ou motivación para o alumnado como por exemplo a resolución de exercicios de selectividade de anos anteriores ou casos prácticos do entorno dos estudantes

O proceso de aprendizaxe debe, polo tanto, basearse na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe (de forma individual ou en grupo) que pretenda propicia-la iniciativa e o proceso de aprender a aprender, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación, de búsqueda de información e que intentan, ademáis, conecta-la aula co mundo real, as empresas, profesionáis e organismos administrativos. Complementarase estas actividades con explicacións, exposicións e debates dxs alumnxs.

### Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

Para xs alumnxs de 2º bacharelato, esta e unha materia que xa empezaron a estudar en primeiro curso , polo tanto, sí van a ter coñecementos previos sobre a materia, ademáis de que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; por iso comenzarase o curso facendo unha ***avaliación inicial***, para deste modo detecta-los coñecementos previos do alumnado nesta materia, a partir de aquí o desenvolvemento das distintias unidades farase de modo progresivo: e dicir, incorporando novos conceptos

de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica. Deste modo búscase que o alumnado manexe e asimile con soltura tódolos conceptos das distintas unidades.

Promoverase polo tanto unha aprendizaxe significativa (levando a cabo traballos prácticos apropiados, partindo da realidade próxima ó alumnado) e constructiva nx alumnx, e non basa-la asignatura nunha simpre aprendizaxe memorística. Para isto o desemvolvemento das clases basearase na exposición da profesora pero sempre buscando a participación activa dxs alumnxs: cada tema será tratado pola clase no seu conxunto, ademais a profesora fará preguntas para comproba-lo grao de comprensión da materia, facilitará o debate e a participación activa do alumnado no desenrolo da clase. Así mesmo, tamén se promoverá o traballo en equipo dentro da aula.

Lograr motivar o alumnado cara esta materia, buscando a parte "cotián" da economía e propoñendo exemplos cercáns a realidade dx alumnx, será un dos obxectivos principais da profesora no transcurso do curso. Ademáis esta materia tamén se utilizará, dadas as súas características de actualidade, para promove-lo debate en áreas que se poden considerar como transversais, deste modo favorecerase, partindo da profesora, una educación para á paz, a igualdade entre sexos, relixións , culturas,etc; a tolerancia, ó respecto a outras culturas, valores democráticos, protección do medio ambiente, etc. Con todo o descrito anteriormente, preténdese motiva-lo alumnado, mellorar a súa capacidade de observación, incentiva-la súa creatividade, etc.

Preténdese que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados co contexto sociocultural en que se atope o alumnado, con especial referencia á realidade local ou galega en xeral. Ademáis se realizarán pequenas investigacións do contorno para que o seu estudo resulte máis próximo e útil.
Tendo presentes todos os anteriores obxectivos citados, entre outras propóñense, as seguintes estratexias:

-Obtención de información de empresas a partir de fontes externas (prensa escrita, estudos estatísticos, enquisas, bases de datos, visitas a empresas, informes económicos) e de fontes internas (rexistros contables, informes internos, balances e contas de resultados), tanto por medio de soportes tradicionais como informáticos.

-Rexistro, tratamento, interpretación e representación de información relevante no ámbito da empresa e posterior transmisión desta con diferentes soportes, con especial atención ao uso das TIC.

-Análise, simulación e resolución de casos no mundo empresarial: identificación da situación e dos seus elementos, selección de conceptos e técnicas para a súa aplicación na análise do caso, elaboración de conclusións e selección das decisión que se van tomar así como avaliación final das decisións tomadas, sendo conscientes da dimensión ética que comporta a toma de decisións.
-Planificación dun proxecto de iniciativa empresarial: busca, valoración e selección de ideas, planificación do proxecto, análise do contorno xeral e específico, análise interna e estudo da viabilidade económica e financeira do proxecto.

-Realización de traballos de investigación escolar facendo especial fincapé na necesidade de organización, planificación, execución e avaliación dos resultados acadados, valorando a necesidade de crear equipos de traballo que cooperen e creen sinerxías positivas para o conxunto.

## 6. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

-Aula virtual do IES Salvaterra

-Plataforma webex e falemos para videoconferencias

-Libro de texto:

- Economía de la empresa. Editorial SM

-Libros de consulta:

- Economía de la empresa. Editorial McGraw Hill

-Textos de apoio de diversos autores:

- Adam Smith, John m. Keynes, Paul Krugman, J. M. Sampedro , J. Stiglitz

- CÓDIGO DE COMERCIO e LEIS COMPLEMENTARIAS.
- LEIS E REGULAMENTOS dos distintos impostos.

- Revistas especializadas en economía
    - Emprendedores

- Páxinas web relacionadas coa materia

## 7. AVALIACIÓN

### Criterios de avaliación

1. Coñecer e interpretar os diversos elementos da empresa, as súas áreas de actividade, os seus tipos, funcións e interrelacións valorando a achega de cada un deles segundo o tipo de empresa.

Trátase de comprobar que o alumnado adquiriu unha visión global da empresa; que sabe diferenciar os diferentes elementos que a compoñen (grupo humano, patrimonio, ámbito e organización); que coñece as súas áreas de actividade e a existencia de elementos diferentes en función da empresa de que se trate. Tamén se comprobará a capacidade de analizar as relacións mutuas entre a empresa e o exterior.

2. Identificar as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais. Describir as principais formas xurídicas da empresa, explicando e entendendo os trazos principias de cada unha delas.
Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado coñece dunha maneira xeral as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais, ademais de comprobar se o alumnado é quen de facer cadros sinópticos e esquemas claros das formas xurídicas máis importantes.

3. Identificar os trazos principais do sector e do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias, decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais das súas decisións.
Búscase comprobar se o alumnado comprendeu as relacións de interdependencia existentes entre a empresa e o seu contorno; búscase tamén comprobar se sabe diferenciar as implicacións, tanto positivas coma negativas, que supoñen as decisións empresariais, especialmente nos ámbitos social e ambiental.

4. Analizar a situación das empresas multinacionais e das PEME, no marco do fenómeno da globalización, identificando os aspectos positivos e negativos que o citado fenómeno presenta. Valorar a importancia das cooperativas como impulsoras do desenvolvemento económico e social de Galicia.
Trátase de valorar a capacidade do alumno/a para describir as características actuais das empresas multinacionais e das PEME e para analizar as vantaxes e inconvenientes de que goza cada unha delas nun mercado cada vez máis condicionado polo fenómeno da globalización. Farase a partir de ejemplos da realidade galega actual. Tamén se busca que comprenda a importancia do fenómeno cooperativo para a economía e para a sociedade galegas.

5. Describir a organización dunha empresa e as súas posibles modificacións e melloras en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade. Valorar a importancia para as empresas de contar cun sistema organizativo eficiente, como os sistemas de xestión da calidade.
Este criterio pretende comprobar se se sabe interpretar a organización formal e informal dunha empresa e detectar e propoñer solucións a disfuncións ou problemas que impidan un funcionamento eficiente na organización empresarial. Ademais, preténdese que o alumnado identifique os sistemas de xestión da calidade como sistemas de mellora continua na empresa.

6. Describir as técnicas básicas para a xestión dos recursos humanos, identificando os dereitos e deberes máis importantes que as traballadoras e os traballadores teñen derivados da súa relación laboral, con especial atención aos referidos á conciliación da vida laboral e familiar. Valorar a importancia que teñen a seguranza e a hixiene no traballo, ademais da prevención dos riscos laborais.
Este criterio busca que o alumnado recoñeza a relevancia dos recursos humanos como variable que contribúe de maneira especial ao logro da eficiencia organizativa. Tamén busca o recoñecemento de cómo o respecto aos dereitos, á seguranza dos traballadores/as e á conciliación da súa vida laboral e familiar reduce a conflitividade e incide de maneira directa no bo funcionamento da empresa.

7. Coñecer o funcionamento da área de produción dunha empresa e recoñecer a importancia da aplicación das novas tecnoloxías na mellora da produtividade. Valorar a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación como garantes da supervivencia e de crecemento das empresas.
Trátase de comprobar se o alumnado coñece as tarefas fundamentais da función produtiva da empresa e se é quen de calcular a produtividade. Igualmente preténdese constatar que recoñece o papel das novas tecnoloxías, así como do investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, no aumento da competitividade da empresa e na mellora da calidade dos seus produtos.

8. Coñecer os principais sistemas de valoración e xestión dos inventarios. Valorar a súa importancia na contribución aos resultados da empresa. Búscase que o alumnado valore a importancia e a necesidade dunha correcta xestión dos inventarios e que coñeza os custos asociados a eles. Preténdese que coñeza os principais sistemas de valoración de inventarios (FIFO, PMP) e da súa xestión; e que determine, para casos sinxelos, o nivel de pedido óptimo.

9. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e de custos dunha empresa, calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade. Preténdese valorar se os estudantes adquiriron a capacidade de diferenciar e estruturar os ingresos e custos xerais dunha empresa, determinando o beneficio ou perda xerado, así como o limiar de produción e vendas necesario para a xeración de beneficios e a súa supervivencia.

10. Analizar as características dos mercados utilizando técnicas de investigación e segmentación destes. Explicar, de acordo con elas, as diferentes políticas comerciais que se poden aplicar. Preténdese avaliar se o alumnado sabe caracterizar un mercado en función do número de competidores, do produto vendido, das características das persoas destinatarias etc.; que coñeza e entenda a finalidade e os elementos básicos das investigacións de mercados e das diferentes estratexias de márketing.

11. Recoñecer os datos máis relevantes do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a súa situación a partir da información obtida e propoñer medidas para a súa mellora.
Preténdese comprobar que as alumnas e os alumnos saiban recoñecer os diferentes elementos destes documentos e o seu significado na empresa. Tamén se pretende valorar se son capaces de analizar a situación patrimonial, financeira e económica nun caso sinxelo, detectando desequilibrios e proponiendo medidas correctoras destes.

12. Buscar, analizar e interpretar información procedente do ámbito empresarial local, galego, español ou internacional, utilizando os recursos materiais adecuados e as tecnoloxías da información e da comunicación.
Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de distinguir e analizar información significativa referida ao mundo empresarial e se é capaz de relacionala cos contidos estudados na materia. Trátase tamén de comprobar que é quen de buscar información do ámbito empresarial, utilizando as novas tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a internet.

13. Describir as posibles fontes de financiamento a que ten acceso unha empresa e, a través dun suposto sinxelo, razoar a elección máis axeitada. A finalidade deste criterio é comprobar a capacidade de valorar as necesidades de financiamento básicas dunha empresa, así como coñecer e clasificar as diferentes fontes de financiamento. Tamén trata de valorar a capacidade de propoñer razoadamente as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto, relacionando o financiamento co investimento.

14. Valorar distintos proxectos de investimento sinxelos que pode acometer una empresa e seleccionar, xustificando a decisión, cal resulta a alternativa máis vantaxosa. Valorar tamén a importancia e a necesidade da realizar unha planificación e un posterior control de calquera proxecto que se leve adiante nunha empresa.
Preténdese comprobar a capacidade para utilizar métodos diversos de selección de investimentos, co obxectivo de resolver casos básicos. Tamén se busca que o alumnado recoñeza a importancia da planificación e do control de calquera proxecto que a empresa pretenda iniciar.

15. Deseñar e planificar e valorar un proxecto empresarial simple, con actitude emprendedora e creatividade, avaliando a súa viabilidade. Con este criterio preténdese valorar se o alumnado é capaz de aplicar con creatividade os contidos da materia a un sinxelo proxecto empresarial froito da xeración e maduración dunha idea de negocio por parte do alumnado, valorando as súas dificultades, debilidades e oportunidades.
Valorarase igualmente a disposición para o traballo en equipo, a creatividade e a planificación e organización.

**Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Como obxetivos da avaliación debemos ter en conta os seguintes:

- Coñecemento do estado da clase en xeral e de cada alumnx en particular
- Diagnóstico das dificultades máis frecuentes da aprendizaxe
- Mellora-las técnicas de traballo, rectificando si fora preciso, para alcanzar eficazmente os obxectivos
- Proporcionar a cada alumnx a axuda que necesite, orientándoos ó aprendizaje
- Valora-lo rendimento, determinando si se conseguiron os obxectivos propostos e en qué grado se lograron

A avaliación debe ser sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. Para elo débese partir dunha proba inicial para valora-los coñecementos que poseen xs alumnxs e que constitúen un requisito para aborda-los contidos que se deben aprender, así como a terminoloxía que se vai utilizar, e incluso detectar ideas erróneas.

A cualificación de cada unha das avaliacións estará composta pola cualificación dos examenes teórico-prácticos (cun peso en xeral dun 80%) e outros criterios de avaliación/cualificación (cun peso en xeral dun 20%).

En cada unha das avaliacións.
a) Cualificación dos exámenes teórico-prácticos (80% da cualificación total):

b) Outros criterios de avaliación/cualificación tales como asistencia , participación, actitude, realización dos traballos propostos polo profesor (20% da cualificación total).

Definición de “Outros criterios de avaliación/cualificación”:

En cada unha das avaliacións valorarase a actitude fronte á materia, comportamento,  asistencia, utilización correcta dos materiais e recursos didácticos. Cando algxn alumnx non obteña a máxima valoración neste apartado, poderá a profesora proponer actividades para recuperalas dentro da avaliación, estas actividades serán comentarios de textos, análise de noticias económicas, traballos relacionados cos contidos impartidos, etc.

Instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios
- Probas orais e escritas
- Realización de traballos: será preciso definir que se entende por traballo e cales son os obxectivos que pretenden cubrir. Debe descartarse o traballo que require dx alumnx a mera copia de párrafos que non comprende.
-Exposicions
-Intervencions na clase
-Actitude ante o traballo

**Criterios e sistemas de cualificación final**

De cara á avaliación final de maio, a cualificación estará composta por a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións.

Para finalmente superar a materia, é necesario obter un total de 5 puntos ou máis dun total de 10.

No mes de marzo realizaráse una recuperación da parte teórica da materia. A recuperación da parte práctica farase no final do mes de maio. A este exámen final os estudantes poderán ir con toda a materia o con una das duas partes (teoría /práctica) se non as tiveran superadas.

Tamen poderán facer esta proba xs alumnxs que ainda acadando avaliación positiva quixeran subir nota.

O tipo de proba virá sempre marcado según os criterios das ABAU.

**Criterios e sistemas de cualificación na proba extraordinaria de xuño:**

Aqueles alumnos/as que non superen a materia en maio, poderán recuperala en xuño. Para isto realizarase unha proba teórico-práctica na que demostren a adquisición dos contidos mínimos propostos.

FALTAS AO EXAME FIXADO: cando un alumnx falte ao exame na hora e día fixado, poderá facelo noutra data, exclusivamente contando cunha xustificación acreditada cun documento oficial.

**Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe**

Este proceso será continuo e ininterrumpido ó longo do curso. A profesora valorará o nivel de aprendizaxe nxs alumnxs de cada grupo a medida que se sucedan as distintas unidades didácticas.
En cada avaliación revisará os resultados obtidos e comprobará si os métodos utilizados no proceso de ensino-aprendizaxe foron os máis axeitados .
Buscaráse a mellora na metodoloxia empregada sempre interactuando cxs alumnxs para adaptala ó grupo e as individualidades que poideran presentarse:

- Coñecemento do estado da clase en xeral e de cada alumnx en particular
- Diagnóstico das dificultades máis frecuentes da aprendizaxe
- Mellora-las técnicas de traballo, rectificando si fora preciso, para alcanzar eficazmente os obxectivos
- Proporcionar a cada estudante a axuda que necesite, orientándoos ó aprendizaje
- Valora-lo rendimento, determinando si se conseguiron os obxectivos propostos e en qué grado se lograron

A avaliación debe ser sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. Para elo débese partir dunha proba inicial para valora-los coñecementos que poseen xs alumnxs e que constitúen un requisito para aborda-los contidos que se deben aprender, así como a terminoloxía que se vai utilizar, e incluso detectar ideas erróneas.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de deseño para todxs. Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera estudante poida acadar un aproveitamento óptimo da materia adoptando medidas de reforzo e apoio.

A diversidade preséntase en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais

e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras. Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado. Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnxs con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co e-prego do ordenador e ferramentas informáticas.

- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo ou aprendizaxe cooperativo, estes serán formados por alumnxs con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os estudantes se axuden entre si.

- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnxs con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnxs que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade económica
.

- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do estudante en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación dx alumnx e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

-Respecto a parte práctica, e sobre todo enfocado a dotar ao alumnado de instrumentos que lle permita superar satisfactoriamente a proba de selectividade, entregaranse numerosos exercicios para a súa práctica e se traballarán esquemas co alumnado para asegurar a súa comprensión.

## 9. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LECTOR

-Procura, lectura e comentario de textos extraídos de xornáis e revistas especializadas relacionados cos distintos temas da programación.

-Lectura, reflexión e debate dos temas que aparecen o remate de cada tema do libro de texto, así como, do resto de textos dos que dispón o departamento.

-Procura e actualización de información en INTERNET. Interpretación da información buscada (estadísticas, datos económicos, índices macroeconómicos,...etc.)

-Relación dos distintos libros, diccionarios e resto de material do departamento, exposto no taboleiro da aula para que os alumnos/as poidan dipoñer dos mesmos cando o precisen.

## 10. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón, reproductores de DVD...

## 11. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA (EDUCACIÓN EN VALORES)

Ao longo das distintas unidades didácticas trabállanse temas transversais tales cómo:
Medio ambiente, escasez de recursos, consumo responsabel, valores democráticos, convivencia para a paz, tolerancia ante os diversos plantexamentos de política económica, desigualdades económicas, desenvolvemento dos países, movementos migratorios, etc…

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Posibles actividades a realizar:

-Seminario sobre EDUCACIÓN-CÍVICO TRIBUTARIA . (Si se pode para o grupo clase)

-Seminario sobre iniciativa emprendedora, impartido pola Cámara de Comercio. ((Si se pode para o grupo clase)

## 13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

A través da análise mensual dos contidos desenvolvidos e os requerimentos do alumnado na aula, poderán e deberán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas.
O importante e a asimilación dos contidos básicos e poderase deixar de impartir determinados contidos si é necesario profundizar noutros.

**Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica. Indicadores de logro**

| **Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica** | | Escala | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

# ECONOMÍA. 4º ESO

## REFERENCIAS NORMATIVAS.

-Para a elaboración da presente programación tívose en conta a seguinte lexislación e información da Xefatura territorial de Pontevedra:
-Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE) para a mellora da calidade educativa.
-Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e o Bacharelato en Galicia.-Orden ECD/65/2017 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avalición da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
-Resolución do 15 de xullo do 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que seditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
-Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da ComunidadeAutónoma de Galicia.
-Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro.

## 1. INTRODUCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en **seis bloques** que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 **("Ideas económicas básicas**") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 **("Economía e empresa**") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque **("Economía persoal**") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque **("Economía e ingresos e gastos do Estado**") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque **("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego**") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de **"Economía internacional"** fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

**Xustificación da programación**

Nunha sociedade na que as formas de organización económica revisten modos cada vez máis complexos, compre o estudio da economía, non só como instrumento para a comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación e fundamentación de actitudes éticas e sociais frente a problemas tales como a distribución da renda , o paro, o subdesenvolvemento, o deterioro medioambiental...

Para que os alumnos/as realicen unha aprendizaxe significativa dos contidos seleccionados, é imprescindible levar a cabo traballos prácticos axeitados, os cales deben consistir en analiza-la realidade mediante o uso de fontes de información directas e indirectas e en trasladar esta análise ás linguaxes estructuradas propias da materia; con iso preténdese motiva-lo alumnado, mellora-la súa capacidade de observación, incentiva-la súa creatividade e poñer en práctica os métodos propios das Ciencias Sociais.
Pretenderemos que o alumno/a comprenda o mundo nos aspectos económicos e sociais, adquira coñecementos significativos sobre feitos económicos, interprete informacións aparecidas na prensa e valora-las, plantexe hipóteses de causas e solucións ás desigualdades económicas, tome conciencia da destrucción de recursos e do superconsumo, fomente hábitos de responsabilidade e de participación na defensa das culturas propias... etc.

### Contextualización

Centro en zona rural. Nivel socioeconómico do alumnado medio baixo.
Estudantes procedentes todos eles de 3º ESO.

Os resultados da avaliación inicial non os temos na data de presentación da programación.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### Perfil competencial

| | |
|---|---|
| **CCL** | **15,00%** |
| **CSC** | **23,00%** |
| **CAA** | **17,00%** |
| **CD** | **20,00%** |
| **CMCCT** | **23,00%** |
| **CSIEE** | **2,00%** |
| | |

No estudo das distintas unidades tratarase de fomentar no alumnado:

- Desenvolvenento da **competencia social e ciccdadá (**consumo responsable, sensibilización ante os problemas medio ambientais, valorar a importancia das persoas emprendedoras ao analizar o papel dos empresarios/as, perspectiva crítica cara a aspectos inxustos da realidade económica, por de manifesto a insolidaridade e agravio provocados por quen practica a economía sumerxida e o fraude fiscal, ..etc)

- Traballar de maneira activa a **competencia matemática (**uso de modelos económicos e representacións gráficas, exercicios de custos, ingresos, limiar de rendabilidade, cálculos sobre eficiencia técnica e económica, representación gráfica da función de producción, cálculo do IPC, interpretación da información bursátil,.. etc)

- **Aprender a aprender** (os alumnos/as adquiriran as estratexias necesarias que lles permitan desenvolver as súas capacidades persoais)

- **Tratamento da información** e **competencia dixital** (utilización de recursos na rede).

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón, reproductores de DVD...

## 3.OBXECTIVOS

*Os obxectivos xerais da ESO recollidos no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Obxectivos da educación secundaria obrigatoria* A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respec- tar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e ex- presión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONTIDOS , ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4º de ESO

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f | ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Economía e empresa | | | |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B2.3. Clases de empresas.<br>▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. | ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e | ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>▪ B2.6. Sectores da actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>▪ B2.9. Resultados da empresa. | ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a | ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das | ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as | ▪ CD |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f | | obrigas fiscais. | actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>▪ B3.5. Risco e diversificación. | ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. O diñeiro.<br>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. | ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.1. Tipos de xuro.<br>▪ B5.2. Inflación.<br>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. | ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B6.1. Globalización económica.<br>▪ B6.2. Comercio internacional.<br>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

**ESTANDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN e PONDERACIÓN, CONTIDOS MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION (taboa)**

| Economía.4ºESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ponderación | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe | % | UD | GMC | Competencias clave | Elementos transverais | Instrumentos de avaliación |
| **Bloque 1. Ideas económicas básicas** | | | | | | |
| ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | 25 | 1,2,3,4<br>6,7,8,9<br>10,11,12 | 50% | CCL<br>CSC | CL<br>EOE<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | | 1,2,3,4,5<br>6,7,8,9<br>10,11,12 | 50% | CAA<br>CD | EMP<br>EC<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |
| ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | | 1,2,3,4,5<br>6,7,8,9<br>10,11,12 | 50% | CCL | CL<br>EOE | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |
| ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | | 1 | 50% | CAA<br>CSC | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | | 2 | 50% | CD<br>CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | | 1,3,4<br>5,6,7 | 50% | CMCCT<br>CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | | 1,3,4,<br>6,7,8,9<br>10,11,12 | 50% | CMCCT<br>CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |
| **Bloque 2. Economía e empresa** | | | | | | |
| ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | 10 | 5 | 50% | CMCCT<br>CSIEE | TIC<br>EMP | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das | | 5 | 50% | CAA<br>CD | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| empresas.<br>▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | | 3,5 | 50% | CSIEE<br>CSC | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | | 2,3,5 | 50% | CMCCT<br>CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | | 2,5 | 50% | CD<br>CSC | CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | | 3,5 | 50% | CCL<br>CD<br>CMCCT | CL<br>EOE<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | | 3,5 | 50% | CD<br>CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | | 5 | 50% | CD<br>CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | | 5 | 50% | CSC | EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| **Bloque 3. Economía persoal** | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | 20 | 4 | 50% | CAA<br>CD<br>CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | | 4 | 50% | CAA<br>CD<br>CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | | 10 | 50% | CAA<br>CD<br>CMCCT | EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | | 8,10 | 50% | CAA<br>CSIEE | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | | 4,8,10 | 50% | CAA<br>CSC | EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | | 10 | 50% | CAA<br>CSC | EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | | 8,10 | 50% | CCL<br>CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | | 8,10 | 50% | CCL<br>CAA<br>CD | CL<br>EOE<br>EMP<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | | 8,10 | 50% | CAA<br>CD | EMP<br>EC<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | | 8 | 50% | CCL<br>CD<br>CMCCT | CL<br>EOE<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | | 10 | 50% | CAA<br>CCL<br>CMCCT | EMP<br>EC<br>CL<br>EOE | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| **Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do estado** | | | | | | |
| ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | | 2,3,4,6<br>7,9,12 | 50% | CMCCT<br>CSC | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | 15 | 1,2,3,4<br>6,7,9,12 | 50% | CD<br>CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden | | 3,4,6 | 50% | CMCCT | TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| producir ao longo do tempo. | | | | CSC | | |
| ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | | 7 | 50% | CCL<br>CSC | CL<br>EOE<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | | 7 | 50% | CCL<br>CMCCT | CL<br>EOE<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | | 1,2,4<br>6.7.9 | 50% | CCL<br>CMCCT<br>CSC | CL<br>EOE<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | | 7 | 50% | CAA<br>CD<br>CMCCT | EMP<br>EC<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| **Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | | | | | | |
| ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | 15 | 8,9 | 50% | CCL<br>CSC | CL<br>EOE<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | | 9 | 50% | CCL<br>CMCCT<br>CSC | CL<br>EOE<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | | 8,9 | 50% | CD<br>CMCCT | CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | | 1,2,3,5<br>6,7,8 | 50% | CCL<br>CMCCT | CL<br>EOE | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 9,10,11 | | CSC | TIC<br>EC | -Proba oral |
| ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | | 4,6,7 | 50% | CD<br>CSC | CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | | 4 | 50% | CAA<br>CD | EMP<br>EC<br>CA | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| **Bloque 6. Economía internacional** | | | | | | |
| ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | 15 | 2,4,6,7<br>7,11,12 | 50% | CAA<br>CSC | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |
| ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | | 11 | 50% | CCL<br>CSC | CL<br>EOE<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | | 9,11,12 | 50% | CAA<br>CD<br>CSC | EMP<br>EC<br>CA<br>TIC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |
| ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | | 11 | 50% | CCL<br>CD<br>CSC | CL<br>EOE<br>CA<br>TIC<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | 3,5,6,7<br>8,9,10,11 | 50% | CAA<br>CSC | EMP<br>EC | -Proba escrita<br>-Taboa de observación<br>-Traballo grupal<br>-Proba oral |

**-O grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaje será do 50% en cada un deles**

**TEMPORALIZACIÓN:**

A materia se articula en 12 Unidades Didácticas

| | |
|---|---|
| UD1.-Introducción á economía.<br>UD2.-A produción de bens e servicios.<br>UD3.-Os mercados e os axentes económicos. | 1º trimestre |
| UD4.-As decisións económicas das familias.<br>UD5.-As empresas.<br>UD6.-O crecemento económico.<br>UD7.-A distribución da renda. | 2ºtrimestre |
| UD8.-O diñeiro e os medios de pago.<br>UD9.-A inflación e os tipos de xuros.<br>UD10.-O aforro e o endevedamento das familias.<br>UD11.-O comercio exterior.<br>UD12.-Economía e medio ambente. | 3ºtrimestre |

**LENDA COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

## 5. METODOLOXÍA

### Metodoloxía xeral e específica da materia

A metodoloxía está plantexada en termos xeráis de xeito que o alumnado deberá enfrentarse a casos prácticos sobre procesos de traballo o máis cercanos posibles á realidade do seu entorno e cun grado crecente de dificultade.

Consideramos que o alumnado non debe ser un mero receptor de contidos, senón que se debe preparar para ser capaz de analizar, organizar e aplica-los elementos de capacidade que solucionen os casos prácticos.

Partindo da información que se ten sobre os coñecementos do alumnads, se presentarán actividades que susciten interese ou motivación para o estudante como por exemplo o seguimento de casos relativos á actualidade económica.

O proceso de aprendizaxe debe, polo tanto, basearse na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe (de forma individual ou en grupo) que pretenda propicia-la iniciativa e o proceso de aprender a aprender, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación, de búsqueda de información e que intentan, ademáis, conecta-la aula co mundo real, as empresas, profesionáis e organismos administrativos. Complementarase estas actividades con explicacións, exposicións e debates do alumnado.

### Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

As liñas de actuación no proceso ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos da materia versarán sobre:

-Caracterización do problema económico básico, sinalando exemplos representativos do mesmo.

-A partir de datos aportados e consulta de fontes, análisis comparativo sobre a incidencia do problema económico básico entre distintos países e grupos humanos.
-Identificación, en exemplos de decisións económicas vinculadas aos intereses do alumnado.
-Reflexión e debate sobre as necesidades de consumo creadas a través das técnicas de marketing e os seus efectos sobre o medio ambiente e a calidade de vida das personas.
-Búsqueda e consulta de información sobre o grado de satisfacción de necesidades primarias da humanidade, propoñendo medidas razoadas para a súa solución.
-Recoñecemento da escasez de recursos e da necesidade de racionalizar o seu uso, conserva-los e renova-los.
-Interés por indagar e coñecer os factores que explican os problemas económicos básicos.
-Solidaridade ante o reparto desigual dos recursos e os desequilibrios económicos do planeta.
-Disposición favorable a participar nas actividades do grupo e interés polos novos coñecementos que aporta a economía.

Orientacións pedagóxicas:

-Presentar as cuestións e problemas económicos contextualizados e relacionando, en todo momento, as causas e os efectos. Preténdese fuxir do enfoque únicamente académico e formalista, que achega gran cantidade de conceptos pero non a suficiente capacidade explicativa dos problemas reais. Por outro lado, tamén se evitará o enfoque exclusivamente descritivo dos feitos económicos, que proporciona gran cantidade de información, pero con escaso poder explicativo das causas que orixinan os problemas.
-Análise dos feitos, valoración de alternativas, prognóstico de efectos e posición diferentes ante un mesmo problema.
-Partir da interpretación social da realidade económica, buscando integrar a teoría económica e a economía real, intentando asegurar ao mesmo tempo un marco conceptual sobre o cal seguir aprendendo.
-A realización de investigacións sinxelas que impliquen a aplicación práctica a un caso concreto da metodoloxía do razoamento económico axudará a entender a economía como algo real, útil e próximo que permita transitar desde o particular ao xeral.
-Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións videográficas de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns.
-Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición oral ou escrita posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.

Outras consideracións

Para o alumnado de 4º ESO esta é unha materia que estudiarán por primeira vez, sen embargo, sí teñen conceptos previos relativos a asignatura xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; por iso comenzarase o curso facendo unha avaliación inicial, para deste modo analizar os coñecementos previos do alumnado nesta materia, a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo, e decir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica.
Deste modo búscase que o alumnado manexe e asimile con soltura todos os conceptos das distintas unidades.

Promoverase polo tanto unha aprendizaxe significativa e construtiva no alumnado, e non basear a asignatura nunha simple aprendizaxe memorística. Para isto o desenvolvemento das clases basearase na exposición da profesora pero sempre buscandoa participación activa do alumnado: cada tema será tratado pola clase no seu conxunto, ademais a profesora fará preguntas para comprobar o grao de comprensión da materia, facilitará o debate e a participación activa do alumnado no desenvolvemento da clase.
Lograr motivar o alumnado cara esta materia, buscando a parte "cotián" da economía e propoñendo exemplos cercanos á realidade do alumnado, será un dos obxectivos principais da profesora no transcurso do curso. Ademáis esta materia tamén se utilizará, dadas as súas características de actualidade, para promove-lo debate de áreas que se poden considerar como transversais, deste modo favorecerase partindo da profesora una educación para á paz, a igualdade entre sexos e atención a diversidade, relixións, culturas, etc; a tolerancia, o respecto ao medio ambiente, ao consumo responsable, valores democráticos, etc.

## 6. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

-EDIXGAL

-Aula Virtual do IES Salvaterra

-Plataforma webex e falemos para videoconferencias

-Textos de apoio de diversos autores: A. Smith, David Ricardo, Karl Marx. Milton Fredman, J.M. , Keynes, R. Tamames, J.L. Sampedro...

-Revistas especializadas en economía:

-"Emprendedores"

-Páginas economicas de diversos periódicos.

-Películas relacionadas cós temas económicos estudiados

-Páxinas Web.

## 7. AVALIACIÓN

**Instrumentos e procedementos de avaliación.**

A cualificación de cada unha das avaliacións estará composta pola cualificación dos examenes teórico-prácticos (cun peso en xeral dun 80%) e outros criterios de avaliación/cualificación (cun peso en xeral dun 20%).

**En cada unha das avaliacións.**
a) Cualificación dos exámenes teórico-prácticos (80% da cualificación total):
b) Outros criterios de avaliación/cualificación tales como asistencia , participación, actitude, realización dos traballos propostos polo profesor (20% da cualificación total).
**Realización dunha proba teórico práctica**
**Realización dun traballo que o estudante debe expoñer oralmente**
**Definición de "Outros criterios de avaliación/cualificación":**

En cada unha das avaliacións valorarase a actitude fronte á materia, comportamento, asistencia, utilización correcta dos materiais e recursos didácticos. Cando algún estudante non obteña a máxima valoración neste apartado, poderá a profesora proponer actividades para recuperalas dentro da avaliación. Estas actividades serán comentarios de textos, análise de noticias económicas, traballos relacionados cos contidos impartidos, etc.

**Criterios e sistemas de cualificación final**

De cara á avaliación final de Xuño, a cualificación estará composta por a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións.

Para finalmente superar a materia, é necesario obter un total de 5 puntos ou máis dun total de 10.

-Criterios e sistemas de cualificación na proba extraordinaria

Para isto realizarase unha proba teórico-práctica na que demostren a adquisición dos contidos mínimos propostos.

**Avaliación do alumnado con materias pendentes**

Esta avaliación levaráse a cabo ó longo do curso. O estudante poderá presentarse a una proba no mes de febrero e a outra en maio.
A profesora estará disponible ó longo do curso para resolver todalas dúbidas que poidan ter os estudantes. Asi mesmo, entregará un plan de traballo para facilitarles a preparación das probas.

Non hai en 4º ESO alumnado con Economía pendente.

**Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe**

Este proceso será continuo e ininterrumpido ó longo do curso. A profesora valorará o nivel de aprendizaxe no alumnado de cada grupo a medida que se sucedan as distintas unidades didácticas.
En cada avaliación revisará os resultados obtidos e comprobará si os métodos utilizados no proceso de ensino-aprendizaxe foron os máis axeitados .
Buscaráse a mellora na metodoloxia empregada sempre interactuando co alumnado para adaptala ó grupo e as individualidades que poideran presentarse:
- Coñecemento do estado da clase en xeral e de cada estudante en particular
- Diagnóstico das dificultades máis frecuentes da aprendizaxe
- Mellora-las técnicas de traballo, rectificando si fora preciso, para alcanzar eficazmente os obxectivos
- Proporcionar a cada estudante a axuda que necesite, orientándoos ó aprendizaje
- Valora-lo rendimento, determinando si se conseguiron os obxectivos propostos e en qué grado se lograron

A avaliación debe ser sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. Para elo débese partir dunha proba inicial para valora-los coñecementos que poseen os estudantes e que constitúen un requisito para aborda-los contidos que se deben aprender, así como a terminoloxía que se vai utilizar, e incluso detectar ideas erróneas.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de deseño para todos/as. Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera estudante poida acadar un aproveitamento óptimo da materia adoptando medidas de reforzo e apoio.

A diversidade preséntase en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras. Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado. Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:
- Medidas de acceso ao currículo para estudantes con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co e-prego do ordenador e ferramentas informáticas.

- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo ou aprendizaxe cooperativo, estes serán formados por estudantes con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que eles se axuden entre si.

- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles estudantes que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade económica
.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do estudante en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación deste e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

## 9. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LECTOR

-Procura, lectura e comentario de textos extraídos de xornáis e revistas especializadas relacionados cos distintos temas da programación.

-Lectura, reflexión e debate dos temas que aparecen o remate de cada tema do libro de texto, así como, do resto de textos dos que dispón o departamento.

-Procura e actualización de información en INTERNET. Interpretación da información buscada (estadísticas, datos económicos, índices macroeconómicos,...etc.)

-Relación dos distintos libros, diccionarios e resto de material do departamento, exposto no taboleiro da aula para que os alumnos/as poidan dipoñer dos mesmos cando o precisen.

## 10. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón, reproductores de DVD...

## 11. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA (EDUCACIÓN EN VALORES)

Ao longo das distintas unidades didácticas traballanse temas transversais tales cómo:

Medio ambiente, escasez de recursos, consumo responsabel, valores democráticos, convivencia para a paz, tolerancia ante os diversos plantexamentos de política económica, desigualdades económicas, desenvolvemento dos países, movementos migratorios, etc…

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Posibles actividades a realizar:

-Seminario sobre EDUCACIÓN-CÍVICO TRIBUTARIA

-Seminario sobre iniciativa emprendedora, impartido pola Cámara de Comercio

-Realización de actividades na Semana da ciencia de Salvaterra relacionadas co Consumo responsable e a economía sostible

## 13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

A través da análise mensual dos contidos desenvolvidos e os requerimentos do alumnado na aula, poderán e deberán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas.
O importante e a asimilación dos contidos básicos e poderase deixar de impartir determinados contidos si é necesario profundizar noutros.

**Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica. Indicadores de logro.**

| **Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica** | | Escala | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

# INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL. 4º ESO

## REFERENCIAS NORMATIVAS.

-Para a elaboración da presente programación tívose en conta a seguinte lexislación e información da Xefatura territorial de Pontevedra:
-Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE) para a mellora da calidade educativa.
-Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e o Bacharelato en Galicia.-Orden ECD/65/2017 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avalición da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
-Resolución do 15 de xullo do 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que seditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
-Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da ComunidadeAutónoma de Galicia.
-Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro.

## 1. INTRODUCIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao

coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

**Xustificación da programación**

Nunha sociedade na que as formas de organización económica revisten modos cada vez máis complexos, compre o estudio da economía e da empresa, non só como instrumento para a comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación e fundamentación de actitudes éticas e sociais frente a problemas tales como a distribución da renda ,o paro, o subdesenvolvemento, o deterioro medioambiental...

Para que os alumnos/as realicen unha aprendizaxe significativa dos contidos seleccionados, é imprescindible levar a cabo traballos prácticos axeitados, os cales deben consistir en analiza-la realidade mediante o uso de fontes de información directas e indirectas e en trasladar esta análise ás linguaxes estructuradas propias da materia; con iso preténdese motiva-lo alumnado, mellora-la súa capacidade de observación, incentiva-la súa creatividade e poñer en práctica os métodos propios das Ciencias Sociais.

Pretenderemos que o alumno/a comprenda o mundo nos aspectos económicos e sociais, adquira coñecementos significativos sobre feitos económicos, interprete informacións aparecidas na prensa e valora-las, plantexe hipóteses de causas e solucións ás desigualdades económicas, tome conciencia da destrucción de recursos e do superconsumo, fomente hábitos de responsabilidade e de participación na defensa das culturas propias... etc.

**Contextualización**

Estudantes procedentes todos eles de 3º ESO
Centro en zona rural. Nivel socioeconómico do alumnado medio baixo.
Non hai ningún estudante repetidor na materia de IAEE.

Os resultados da avaliación inicial non están disponibles na data de entrega da programación.

## 2.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**Perfil competencial**

| | |
|---|---|
| **CCL** | **6,94%** |
| **CSC** | **6,94%** |
| **CAA** | **15,27%** |
| **CD** | **16,66%** |
| **CMCCT** | **23,61%** |
| **CSIEE** | **30,55%** |
| | |

No estudo das distintas unidades tratarase de fomentar no alumnado:

- Desenvolvenento da **competencia social e ciudadá (**consumo responsable, sensibilización ante os problemas medio ambientais, valorar a importancia das persoas emprendedoras ao analizar o papel dos empresarios/as, perspectiva crítica cara a aspectos inxustos da realidade económica, por de manifesto a insolidaridade e agravio provocados por quen practica a economía sumerxida e o fraude fiscal, ..etc)

- Traballar de maneira activa a **competencia matemática (**uso de modelos económicos e representacións gráficas, exercicios de custos, ingresos, limiar de rendabilidade, cálculos sobre eficiencia técnica e económica, representación gráfica da función de producción, cálculo do IPC, interpretación da información bursátil,.. etc)

- **Aprender a aprender** (os alumnos/as adquiriran as estratexias necesarias que lles permitan desenvolver as súas capacidades persoais)

- **Tratamento da información** e **competencia dixital** (utilización de recursos na rede).

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón,….

## 3.OBXECTIVOS

*Os obxectivos xerais da ESO recollidos no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

*Obxectivos da educación secundaria obrigatoria* A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equi- po, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discrimi nación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en ma- terias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONTIDOS , ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Dereito do traballo.<br>▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>▪ B2.3. Plan de empresa.<br>▪ B2.4. Planificación na empresa. | ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Finanzas | | | |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>▪ B3.2. Elección da forma xurídica.<br>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ b | ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. | ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o | ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade | ▪ CD |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

**ESTANDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN e PONDERACIÓN, CONTIDOS MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION (taboa)**

| Iniciación á actividade emprendedora e empresarial. 4ºESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ponderación | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe | % | UD | GMC | Competencias clave | Elementos transversais | Instrumentos de avaliación |
| **Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación** | | | | | | |
| IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | 5 | 1,3,4,5,6,7,8 | 50% | ▪ CSIEE<br>CAA | -CL<br>-EOE<br>-TIC<br>-EMP<br>-EC | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | 5 | 1,4 | 50% | ▪ CD<br>▪ CAA<br>CSIEE | -CL<br>-EOE<br>-TIC<br>-EMP<br>-EC | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | 5 | 1,3 | 50% | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | -EMP<br>-EC | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | 5 | 2 | 50% | CSC<br>CSIEE | -TIC<br>-CL<br>-EOE<br>-PV | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | 5 | 2 | 50% | CSC<br>CSIEE<br>CMCCT | -TIC<br>-CL<br>-EOE<br>-PV | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | 5 | 2 | 50% | CCL<br>CSC<br>CSIEE | -TIC<br>-CL<br>-EOE<br>-PV | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | 5 | 2 | 50% | CMCCT | -TIC<br>-CL<br>-EOE | -Taboas de observación<br>-Proba oral<br>-Proba escrita<br>-Rúbrica |
| **Bloque 2. Proxecto de empresa** | | | | | | |
| ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | 5 | 3,4,5,6 | 50% | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | -EMP<br>-CL<br>-EOE | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | 5 | 4,5 | 50% | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | -EMP<br>-TIC<br>-CA<br>-EOE | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | 5 | 4,5 | 50% | CSIEE<br>CCL<br>CMCCT | -CL<br>-EOE<br>-EMP<br>-TIC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | 5 | 5,6 | 50% | ▪ CCL<br>▪ CSIEE | -CL<br>-EOE<br>-EMP | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CMCCT | -TIC | |
| ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | 5 | 4,5,6 | 50% | CD<br>CMCCT<br>CAA | -CL<br>-EOE<br>-EMP<br>-CA<br>-TIC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | 2 | 5 | 50% | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | -CL<br>-EOE<br>-EMP<br>-CA<br>-TIC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | 3 | 4,5 | 50% | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | -CL<br>-EOE<br>-EMP<br>-CA<br>-TIC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | 2 | 5 | 50% | CSIEE<br>CMCCT<br>CD<br>CAA | -EMP<br>-TIC<br>-CA<br>−EC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |
| IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | 3 | 6,7 | 50% | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | .EMP<br>-TIC | -Traballo grupal<br>-Proba oral<br>-Proba escrita |

| Bloque 3. Finanzas | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | 3 | 6,7,8 | 50% | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | -EMP<br>-TIC | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | 3 | 8 | 50% | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | -CA<br>-TIC<br>-EMP | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | 3 | 6 | 50% | CSC<br>CMCCT | -EC<br>-TIC | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | 3 | 6 | 50% | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT | -EMP<br>-EC<br>-TIC | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | 3 | 7 | 50% | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | -TIC<br>-CA<br>-EMP | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 3 | 7 | 50% | CMCCT<br>CD<br>CSIEE | -TIC<br>-CA<br>-EMP | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | 3 | 7 | 50% | CD<br>CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | -EMP<br>-TIC<br>-CA<br>-EC | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | 3 | 7 | 50% | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CD | -EMP<br>-TIC<br>-CA | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | 3 | 6,8 | 50% | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | -EMP<br>-CA<br>-TIC | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |
| IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | 3 | 8 | 50% | ▪ CSC<br>CAA | -EC<br>-EMP | -Taboa de observación<br>-Proba escrita |

**GMC: Grao mínimo de consecución do estándar de aprendizaxe: 50%**

**TEMPORALIZACIÓN:**

A materia se articula en 8 Unidades Didácticas

| | |
|---|---|
| -UD1.-Itinerario formativo e profesional.<br>-UD2.-As relacións laborais.<br>-UD3.-A iniciativa emprendedora. | 1º trimestre |
| -UD4.-O proxecto emprendedor.<br>-UD5.-Emprendimento e mercado.<br>-UD6.-A constitución da empresa. | 2ºtrimestre |
| -UD7.-As fontes de financiación.<br>-UD8.-Os impostos | 3ºtrimestre |

**LENDA COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

## 5. METODOLOXÍA

### Metodoloxía xeral e específica da materia

A metodoloxía está plantexada en termos xeráis de xeito que o alumnado deberá enfrentarse a casos prácticos sobre procesos de traballo o máis cercanos posibles á realidade do seu entorno e cun grado crecente de dificultade.
Consideramos que o alumnado non debe ser un mero receptor de contidos, senón que se debe preparar para ser capaz de analizar, organizar e aplica-los elementos de capacidade que solucionen os casos prácticos.
Partindo da información que se ten sobre os coñecementos do alumnado, se presentarán actividades que susciten interese ou motivación para o estudante como por exemplo o seguimento de casos relativos á actualidade económica.
O proceso de aprendizaxe debe, polo tanto, basearse na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe (de forma individual ou en grupo) que pretenda propicia-la iniciativa e o proceso de aprender a aprender, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación, de búsqueda de información e que intentan, ademáis, conecta-la aula co mundo real, as empresas, profesionáis e organismos administrativos. Complementarase estas actividades con explicacións, exposicións e debates do alumnado.

### Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

-Presentar as cuestións e problemas económicos contextualizados e relacionando, en todo momento, as causas e os efectos. Preténdese fuxir do enfoque únicamente académico e formalista, que achega gran cantidade de conceptos pero non a suficiente capacidade explicativa dos problemas reais. Por outro lado, tamén se evitará o enfoque exclusivamente descritivo dos feitos económicos, que proporciona gran cantidade de información, pero con escaso poder explicativo das causas que orixinan os problemas.
-Análise dos feitos, valoración de alternativas, prognóstico de efectos e posición diferentes ante un mesmo problema.
-Partir da interpretación social da realidade económica, buscando integrar a teoría económica e a economía real, intentando asegurar ao mesmo tempo un marco conceptual sobre o cal seguir aprendendo.
-A realización de investigacións sinxelas que impliquen a aplicación práctica a un caso concreto da metodoloxía do razoamento económico axudará a entender a economía como algo real, útil e próximo que permita transitar desde o particular ao xeral.
-Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións videográficas de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns.
-Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición oral ou escrita posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.

Outras consideracións

Para o alumnado de ESO esta é unha materia que estudiarán por primeira vez, sen embargo, sí teñen conceptos previos relativos a asignatura xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; por iso comenzarase o curso facendo unha avaliación inicial, para deste modo analizar os coñecementos previos do alumnado nesta materia, a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: e decir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica.
Deste modo búscase que o alumnado manexe e asimile con soltura todos os conceptos das distintas unidades.
Promoverase polo tanto unha aprendizaxe significativa e construtiva no alumnado, e non basear a asignatura nunha simple aprendizaxe memorística. Para isto o desenvolvemento das clases basearase na exposición da profesora pero sempre buscandoa participación activa do alumnado: cada tema será tratado pola clase no seu conxunto, ademais a profesora fará preguntas para comprobar o grao de comprensión da materia, facilitará o debate e a participación activa do alumnado no desenvolvemento da clase.
A parte da materia relativa á iniciativa persoal traballaráse con distintos exercicios de dinámica de grupos e aprendizaxe colaborativo de xeito que sexa mais atractiva para este alumnado.

## 6.MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

-EDIXGAL

-Aula Virtual IES Salvaterra

-Plataforma webex e falemos para videoconferencias.

-Revistas especializadas en economía de empresa:

-"Emprendedores"

-Páginas economicas de diversos periódicos.

-Películas relacionadas cós temas económicos estudiados

-Páxinas Web.

## 7. AVALIACIÓN

### Instrumentos e procedementos de avaliación.

A cualificación de cada unha das avaliacións estará composta pola cualificación dos exámenes teórico-prácticos (cun peso en xeral dun 60%) e outros criterios de avaliación/cualificación (cun peso en xeral dun 40%).

**En cada unha das avaliacións.**
a) Cualificación dos exámenes teórico-prácticos (60% da cualificación total):
b) Outros criterios de avaliación/cualificación tales como asistencia , participación, actitude, realización dos traballos propostos polo profesor (40% da cualificación total).
**Realización dunha proba teórico práctica**
**Realización dun traballo que o alumno debe expoñer oralmente**
**Definición de "Outros criterios de avaliación/cualificación":**

En cada unha das avaliacións valorarase a actitude fronte á materia, comportamento, asistencia, utilización correcta dos materiais e recursos didácticos. Cando algún estudante non obteña a máxima valoración neste apartado, poderá a profesora proponer actividades para recuperalas dentro da avaliación. Estas actividades serán comentarios de textos, análise de noticias económicas, traballos relacionados cos contidos impartidos, etc.

### Criterios e sistemas de cualificación final

De cara á avaliación final de Xuño, a cualificación estará composta por a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións.

Para finalmente superar a materia, é necesario obter un total de 5 puntos ou máis dun total de 10.

Criterios e sistemas de cualificación na proba extraordinaria:

Para isto realizarase unha proba teórico-práctica na que demostren a adquisición dos contidos mínimos propostos.

### Avaliación do alumnado con materias pendentes

Esta avaliación levaráse a cabo ó longo do curso. O estudante poderá presentarse a una proba no mes de febreiro e a outra en maio.
A profesora estará disponible ó longo do curso para resolver todalas dúbidas que poidan ter osestudantes. Asi mesmo, entregará un plan de traballo para facilitarles a preparación das probas.
Non hai alumnado en 4 ESO coa materia IAEE pendente.

**Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe**

Este proceso será continuo e ininterrumpido ó longo do curso. A profesora valorará o nivel de aprendizaxe no alumnado de cada grupo a medida que se sucedan as distintas unidades didácticas.
En cada avaliación revisará os resultados obtidos e comprobará si os métodos utilizados no proceso de ensino-aprendizaxe foron os máis axeitados .
Buscaráse a mellora na metodoloxia empregada sempre interactuando cos estudantes para adaptala ó grupo e as individualidades que poideran presentarse:
- Coñecemento do estado da clase en xeral e de cada estudante en particular
- Diagnóstico das dificultades máis frecuentes da aprendizaxe
- Mellora-las técnicas de traballo, rectificando si fora preciso, para alcanzar eficazmente os obxectivos
- Proporcionar a cada estudante a axuda que necesite, orientándoos ó aprendizaje
- Valora-lo rendimento, determinando si se conseguiron os obxectivos propostos e en qué grado se lograron

A avaliación debe ser sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. Para elo débese partir dunha proba inicial para valora-los coñecementos que poseen os estudantes e que constitúen un requisito para aborda-los contidos que se deben aprender, así como a terminoloxía que se vai utilizar, e incluso detectar ideas erróneas.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de deseño para todos/as. Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera estudante poida acadar un aproveitamento óptimo da materia adoptando medidas de reforzo e apoio.

A diversidade preséntase en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras. Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado. Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:
- Medidas de acceso ao currículo para estudantes con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co e-prego do ordenador e ferramentas informáticas.

- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo ou aprendizaxe cooperativo, estes serán formados por estudantes con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que eles se axuden entre si.

- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles estudantes que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade económica
.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do estudante en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación deste e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

## 9. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LECTOR

-Procura, lectura e comentario de textos extraídos de xornáis e revistas especializadas relacionados cos distintos temas da programación.

-Lectura, reflexión e debate dos temas que aparecen o remate de cada tema do libro de texto, así como, do resto de textos dos que dispón o departamento.

-Procura e actualización de información en INTERNET. Interpretación da información buscada (estadísticas, datos económicos, índices macroeconómicos,...etc.)

-Relación dos distintos libros, diccionarios e resto de material do departamento, exposto no taboleiro da aula para que os alumnos/as poidan dipoñer dos mesmos cando o precisen.

## 10. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC

Utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado, para a busca e selección de información, para a realización de pequenos traballos de investigación utilizando fontes variadas especialmente vinculadas ó uso das TIC. Os estudantes poderán presentar o resultado destes traballos en diversos soportes como presentacións dixitais acompañados de exposicións orais. Utilizaránse como instrumentos de traballo ordenadores, canón, reproductores de DVD...

## 11. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA (EDUCACIÓN EN VALORES)

Ao longo das distintas unidades didácticas trabállanse temas transversais tales cómo:
Medio ambiente, escasez de recursos, consumo responsabel, valores democráticos, convivencia para a paz, tolerancia ante os diversos plantexamentos de política económica, desigualdades económicas, desenvolvemento dos países, movementos migratorios, etc…

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Posibles actividades a realizar:

-Seminario sobre EDUCACIÓN-CÍVICO TRIBUTARIA

-Seminario sobre iniciativa emprendedora, impartido pola Cámara de Comercio

-Realización de actividades na Semana da ciencia de Salvaterra relacionadas co Consumo responsable e a economía sostible

## 13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

A través da análise mensual dos contidos desenvolvidos e os requerimentos do alumnado na aula, poderán e deberán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas.
O importante e a asimilación dos contidos básicos e poderase deixar de impartir determinados contidos si é necesario profundizar noutros.

**Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica. Indicadores de logro.**

| **Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica** | | Escala | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e  instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.-  Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

Asdo.:   Begoña Terlera Bao
Xefa Departamento Economía